

2. OBXECTO

- a) Regular a contratación do seguro de asistencia sanitaria en todo o territorio nacional ao persoal funcionario de carreira do Concello de Poio integrado na Seguridade Social.
- b) Prazo de execución: Dous anos a partir do 01 de xaneiro de 2013, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes por períodos anuais, sen que a duración do contrato incluída as prórrogas sexa superior a 4 anos.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Procedemento aberto, tramitación ordinaria con pluralidade de criterios .

4. PRESUPOSTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN

- a) Prima mensual: 55,00 € impostos incluídos, por persoa ao mes, estando exento de IVE.
- b) Cantidade máxima anual: 24.420,00 €.

5. GARANTÍAS

- a) Definitiva: 5% do prezo da adxudicación

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

- a) Criterios avaliados automaticamente: 1. Proposta de cadro médico: De 0 a 25 pts 2. Menor prima mensual por asegurado: de 0 a 20 pts. 3. Proposta de riscos excluídos: de 0 a 10 pts.
- b) Criterios avaliados mediante xuízo de valor: Proposta de melloras sobre as coberturas mínimas e outras prestacións relacionadas co obxecto do contrato: De 0 a 20 pts. Proposta de asistencia en viaxe e buco-dental: de 0 a 15 pts Proposta de medios técnicos de diagnose con que contén para a prestación do servizo: De 0 a 10 pts

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E APERTURA

- a) As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 8.30 a 14.00 horas e de 9.00 a 13.00 horas se é sábado, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.
- b) Apertura: ás 9.00 horas do 5º día hábil, non sábado, ao de remate de presentación de ofertas.

8. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

- a) Perfil do Contratante do Concello de Poio, na páxina web: www.concellopoio.com
- b) Servizo de contratación do Concello de Poio 986770001.

Poio, a 8 de outubro de 2012.—O alcalde, Luciano Sobral Fernández.

2012009590

* * *

PONTE CALDELAS**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 19 de xullo de 2012, aprobou provisionalmente a creación da Ordenanza reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal de deportes, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 01.08.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN
DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES***ARTIGO 10. – NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo de 2/2004 do 5 de marzo, se acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización do pavillón deportivo municipal e outras instalacións deportivas.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización do pavillón municipal de deportes así como a prestación dos servizos especificados no cadro de tarifas.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiarias ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota tributarla será a que figura no anexo a esta ordenanza.

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

En xeral só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

En particular estarán exentos desta taxa:

- Actividades organizadas polos colexios públicos en horario lectivo.
- A celebración de campionatos escolares.
- A celebración de actividades deportivas ou non de carácter benéfico.
- A utilización da instalación por parte das entidades deportivas federadas do concello.
- A celebración de actividades organizadas polo Concello.
- As actividades que por razón do seu interese social poidan ser consideradas como tales e para o cal precisarán de resolución expresa da Alcaldía para a súa exención.

ARTIGO 7º. DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.
- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación de servizo ou realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.
- Se se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase tan pronto se detecte a situación, esixíndose o ingreso nos prazos previsto no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase ñas contas bancarias que a tal efecto designe o Concello ou, no seu caso, directamente ó persoal encargado da instalación.

ANEXO CADRO DE TARIFAS

Tal e como se recolle no Regulamento do Servizo de Pavillón Municipal de Deportes a exacción da taxa farase por franxas horarias de 90 minutos.

<i>Actividade</i>	<i>Importe diurno</i>	<i>Importe nocturno</i>
Deportes individuais	3 €	6 €
Deportes de equipo	10 €	20 €
Maratóns deportivos, por día	150 €	
Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte por día	150 €	
Actividades con acceso de pago por día	300 €	

Entenderase por hora nocturna cando se use a instalación con luz artificial.

Entenderase por deportes individuais única e exclusivamente os que se disputan na modalidade de un contra un.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anurftio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 12 de setembro de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012008791

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 19 de xullo de 2012, aprobou provisionalmente a creación do Regulamento do servizo do pavillón municipal de deportes, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 01.08.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro: